



O CONCELLO DE PONTECESO CREARÁ UN BANCO DE HARDWARE E SOFTWARE DESTINADO ÁS FAMILIAS CON MENOS RECURSOS

PLAN DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL (2007-2011). CONCELLO DE PONTECESO

O Concello de Ponteceso, como todas as administracións, ten cada certo tempo unha serie de necesidades informáticas que cubre, en moitos casos, substituíndo material que, por razóns varias, deixa de ser útil nas dependencias municipais.

Pero, tamén é certo que, en moitos casos, ese material podería ser utilizado para outros fins con total normalidade, por exemplo o doméstico.

Por eso, dende o Concello de Ponteceso, vamos a reutilizar material que poida ter utilidade fóra das nosas dependencias, para ser destiando ás familias máis humildes e necesitadas do Concello.

Así mesmo construiremos un **banco de componentes de hardware e software**, en colaboración con empresas do sector, que nos permita seguir con este plan, levando as novas tecnoloxías a aqueles ámbitos de menores recursos no Concello, para contrubuír a que todos os nosos veciños e veciñas teñan as mesmas oportunidades neste eido.

En coordinación co departamento de servicios sociais, vamos seleccionar todas as familias que poidan ser receptoras deste material e, estudiando caso por caso, destinarse a cada unha un equipo informático que terá, como mínimo as seguintes prestacións:

Hardware. Compoñentes básicos:

Procesador: pentium III a 700 mhz.
Memoria Ram: 256 MBytes.
Disco duro con capacidade superior a 10 GBytes
Monitor de 15 pulgadas.
Tarxeta de red para conexión a internet.
Ratón e teclado.

Software:

Distribución libre de Linux. Ubuntu.
Open Office.
Navegador Firefox.